

Nº 171 • 10 €
Xullo-December 2014

**TERRA
&
TEMPO**

Revista galega de
pensamento nacionalista



**50 preguntas, 50 argumentos
para a soberanía de Galiza**

Nº 171
Xullo-December 2014

TERRA e TEMPO

Revista galega de
pensamento nacionalista

Terra e Tempo

Publicación impresa editada desde 1965

ISSN 1575-5509
Depósito Legal C 1361-1995

Edita

Fundación Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas

Clasificada de Interese Cultural pola Xunta de Galiza
(DOG 19/10/2004) e inscrita no Rexistro Único de
Fundacións de Interese Galego co número 2004/20.
Código de Identificación Fiscal (CIF): G15947450

Padroado da Fundación

Bautista Álvarez (Presidente)
María Pilar García Negro (Secretaria)
Roberto Vilameá Ponte (Tesoureiro)
Néstor Rego Candamil
Carlos Manuel Callón Torres
Xosé Manuel Casal Sabín
Rubén Cela Díaz
Xoán Xosé Costa Casas
Marta Da Costa Alonso
María do Carme García Negro
Xoán Carlos Garrido Couceiro
Xosé Carlos Solla Lago

Redacción, publicidade e subscricións

Avenida de Lugo, 219, 1º
15703 - Compostela - Galiza
Teléfono 981 57 02 65
info@bautistaalvarez.org
www.bautistaalvarez.org

Composición da portada

Xan G. Muras

«Agardamos polo albor dun novo día» (2014)

Texto de contraportada

Marica Campo

Fotografía de contraportada

Xan G. Muras

Corrección lingüística

Robert Neal Baxter

Deseño da cabeceira

Xosé Lois Vázquez

Deseño do interior

Diego Núñez

Fecha de edición

15 de xullo de 2014

Imprime

Tórculo

Tiraxe deste número

1500 exemplares

Impreso na Galiza



© Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas
Permítese a reprodución citando a fonte

Carta do Presidente

O rei de copas

O día catro de xuño un xornal galego publicaba unha enquisa da que se deducía que a maioría do noso pobo se manifestaba a prol da monarquía. A meu ver coido que quen interpretou a sondaxe esqueceu un dato importante. A afección que aquí existe polo tute subastado. Neste xogo, a figura do rei ten un valor engadido. Acompañado do cabalo pode servir para cantar as corenta, e, se son en copas, mellor aínda. É ben coñecida a debilidade da dinastía reinante por empinar o cóbado. Moitas caídas que entraron de contrabando no protocolo non procedían da cadeira senón da botella. Cando a un paisano noso lle preguntan en seco polo rei, a onde primeiro lle vai a mente é á taberna, pensando que a parella da partida lle acaba de anunciar un trunfo que casa moi ben co seu cabalo. O que entrou no reparto que fixo a Moncloa. A sota ímola deixar de momento na Zarzuela.

Pensaredes que estou a falar en plan de brincadeira. E pensades ben. Debater sobre monarquías cando as coroas son pezas de arqueoloxía é como intentar restaurar as behetrías, a figura do correidor, combater con lanzas unha sarabiada de misís, ou resucitar o dereito de pernada. Este privilexio señorial, tamén chamado no medievo *ius primae noctis*, para o noso príncipe herdeiro foi a última. Como pezas de museo poden ter un pase. Aqueles xarreteiras estreladas, aquelas faixas que tan ben campaban no cadro que a miña nai gardaba como agasallo de voda, e no que aparecían todos os monarcas que reinaban cando ela casou. Tampouco desentoarían no papel as poucas que actualmente pervive. Figuras ornamentais aptas para a exhibición, igual aos animais exóticos que nos circos forman parte do espectáculo. Ben domesticadas, por

suposto, pois sería moi perigoso sacar á cancha un león sen desbravar. Esa función decorativa podía permitirse nun país que dispuxese dos cartos que custa manter como luxo unha casta de folgazáns. Máis aínda, cando se trata dunha estirpe que ademais de comer no propio ten o costume de meter o morro en pesebre alleo.

Moitos monárquicos defenden a institución non por criterios políticos senón por simple nostalxia. ¡Canta fermosura encerraban aqueles bailes de salón! O máis florido da aristocracia danzando ao ritmo dos valeses, mazurcas e rigodóns, e as damas ofrecendo o seus escotes ás olladas lascivas dos príncipes herdeiros. As cámaras de Hollywood viñeron buscar ás Cortes europeas a brillantez que lle faltaba á rudeza e ruralismo do western. Sen monarquías nin aristocracias as revistas do corazón entrarían en crise. As alcobas proletarias carecen de interese para os amantes da rexouba. O erro está en confundir o espectáculo coa política. En entregarlle as chaves do goberno dun país a quen pode facer un bo papel na escena, en converter o trono nun escenario de comediantes. Como amigo da farándula, eu declárome monárquico. Como súbdito, renego das monarquías.

Deixemos á realeza maquillándose nos camerinos antes de saír á escena, e pasemos agora a falar como políticos. A democracia (goberno do pobo) é antagónica da monarquía (goberno dun só). Un amigo meu, pouco versado en etimoloxías, traducía *monarquía* como goberno da mona. Non lle viría mal a España, despois de Austrias e Borbóns, unha dinastía de simios. Se cadra con ela iríalle mellor. A república ten ao seu favor o valor das urnas fronte ao privilexio do berce e a cor do sangue, no



presente caso contaminado pola picadura da víbora franquista. Tradicionalmente era a graza divina a que lexitimaba a autoridade do trono. As moedas cuñadas pola Ditadura levaban a seguinte lenda: «Franco, caudillo de España por la gracia de Dios». El foi quen inaugurou a dinastía que deixou como legado. O reinado póstumo de dona Inés de Castro foi unha simple parodia do que Franco conseguiu prolongar despois da súa morte. ¿E veñen despois os partidos do consenso –mellor do contubernio– apelando a un referendo trucado para darlle valor democrático á unha figura institucional que carece del? Cando o Ditador advertiu que deixaba todo ben atado é porque coñecía a mansedume das ovelas do seu curral, despois da castración feita en tres anos de guerra e trinta e cinco de posguerra. E entregoulle o cetro –versión culta do caxato– a un pegureiro dócil para conducir o rabaño polos camiños que tracexara.

Pero hai varios rabaños dentro do mesmo reino. Son diferentes as nacións que compoñen unha única península, que España considera patrimonio seu. Diversidade contraditoria co *monismo* dun Estado monárquico. Sen que valla de precedente, vou substituír aquí a retransca pola erudición. Madison e Hamilton, ambos redactores da Constitución norteamericana, advertiron que a monarquía, baseada nun principio *monista*, non concorda co *pluralismo* dunha federación. A mesma opinión comparte Jovan Djordjevich cando analiza a composición do Estado iugoslavo. Pero España sempre chega tarde, e non escarmenta en cabeza allea nin na propia. Non aproveitou a transición para resolver o problema nacional (o das nacións), e fixo unha descentralización calcada no modelo das deputacións.

Pasoulle a hora. Lembro que algún historiador utilizou unha imaxe que pode servir para explicar a situación política actual. Ofreceulle un Estatuto a Cuba cando xa partira o tren da autonomía e entra na estación o da independencia. É unha pena, pero a cabeza española non dá para máis. Entralle nela a idea da federación cando conseguimos romperlle o cranio coa independencia. Os primeiros golpes empezaron a soar. A Xeración do 98 xurdiu como consecuencia do desastre de Cuba e Filipinas. No canto de emendar o modelo adicouse a exaltar a matriz que xestara os fracasos. Os Ortega, os Unamuno, os Ramiro de Maetzu, quixeron resucitar España desde o embrión de Castela, cando a terra do Cid xa dexenerara en feto. A mesma pluma de Azorín desertou no Monóvar levantino e adoptou o estilo seco e cortado da meseta. Machado foi buscar no río Douro –que repta como Dueiro antes de entrar en Portugal– a inspiración que flúe a torrentes polo Guadalquivir da súa infancia. Deixou o tépedo luar que envolve de feitizo as noites andaluzas para o romaceiro de Lorca, que unha das veces que entrou en Castela foi para visitar a Casa de Bernarda Alba. ¡Vaia familia!

A Constitución do 78, máis propia de leguleiros ca de letrados, considera a Xoán Carlos I continuador da dinastía histórica, ocultando que a coroa que leva é froito dun adulterio entre os Borbóns e a Ditadura. Na estirpe real que actualmente representa a España houbo Alfonsos e Fernandos, pero os Filipes parecen aves de mal agoiro. O anterior ao que vai herdar o cetro –Felipe V– ademais de introducir no trono a sangue gabacho foi o que aboliu os dereitos históricos de Cataluña. Poucas fazañas conservamos del. Coñecémolo unicamente

por un cadro no museo do Prado, pintado por M. L. Vanloo. No óleo aparece rodeado de mulleres ¿Partirá de aí a sona de putañeira que ten a dinastía que desprazou aos Austrias? Non sei por que razón se introduciu o costume de numerar os monarcas coma se fosen presidiarios. Algún motivo oculto debe de haber. Será por non ser menos ca os futbolistas, que se pelexan polo mellor dorsal. ¿Virá o VI para impedir o referendo de Cataluña? ¡Mira que ten mala sorte este país con todos os Filipes! ¡Adiante, compañeiros! Os galegos que fomos tallados en cerna dos Irmandiños medievais axudarémosvos a enfrontarvos aos Filipes, igual ca os nosos devanceiros, que derrubaron as paredes dos castelos.

Dado que a institución monárquica ten moito de fantasía, vou seguir fantaseando. Supoñamos que para celebrar a entronización o rei se vaia de safari –privilexio de monarcas–, e morra en África corneado por un rinoceronte. De sobra é coñecida a teima que os paquidermos lles teñen aos Borbóns. A coroa viría caer entón nunha meniña de oito anos. Pequena cabeza para apandar con tanto peso. A Constitución é previsor. Para reinar non existen impedimentos de idade nin de intelixencia. A meniña exercería a través da rexencia materna. ¡Vaia revolución dinástica! Se eu contase o que gardo no tinteiro lixaría a estampa idílica que as revistas do corazón ofrecen da monarquía. ¡A neta daqueles trapeiros da rúa madrileña de Luis Cabrera sentada no trono anteriormente ocupado por Carlos V e Filipe II! Xa era hora de que unha pinga de sangue proletario viñese purificar un pouco o sangue azul da aristocracia. Hai un problema. Os troveiros terían que rimar outros versos para

substituíren os que o pobo viña cantando: «Que María Cristina me quiere gobernar». Para a rexente podíamos parodiar uns versos do Tenorio: «Ti que da cabana procedes/ e que aos palacios subiches/ e que os claustros escalaches/ en todas partes deixaches/ lembranza amarga de ti.» O do claustro vén pola Almudena, onde a raíña lavou co rito os anteriores adulterios.

Cadroume de estar en Madrid coincidindo cunha viaxe protocolaria de Evo Morales ao Estado español. Conversei cunha señora amiga da familia. Opusdeísta ela, e, polo tanto, monárquica. Lembremos que o fundador da «Obra» mercara para si un marquesado. ¡Como pode aspirar ao ceo quen non posúe títulos nobiliarios que exhibir! Estaba escandalizada polo xersei de la que vestía o Presidente de Bolivia. Omito determe sobre os prexuízos que a muller tiña sobre a indumentaria. Ignoro se daquela o príncipe herdeiro xa levara ao altar as súas relacións coa Rocasolano, apelido bastante coñecido naquel barrio madrileño. A Prosperidad. A propósito dos actos protocolarios esixidos polo cargo de monarca compadeciase a señora dos sacrificios que o reinado lle impuña como obriga. Sempre viaxando de aquí para alá, sen ter en conta os desprazamentos por safari ou para visitar pendangas. Sempre pronunciando discursos, estreitando mans, compondo sorrisos, aparentando amor a unha muller á que lle pon os cornos. Estiven a punto de sacar un pano para enxugar o suor que a dona Elisa –o seu nome de pía– lle brotaba daquel relato, e que intentaba detelo axitando un abano floreado. Non sei que tería en contra das viaxes. Estas son a máxima aspiración de todos os participantes nos concursos de televisión, a maioría deles

no paro. Os discursos xa é outra cousa. Requiren cerebros que os redacten. Para iso están os negros que os escriben, amanuenses en nómina do erario público. Quédalle ao rei, iso si, o esforzo da lectura, que esixe certa práctica. É sabido que a monarquía española, despois de Afonso Décimo, desertou da escola. Hai que poñerlle outra vez o babi e comezar polo *eme a ma; eme e me; eme i mi; mi mamá me mima*.

Botarei a man de novo de Castelao, como fago en moitos dos meus escritos. Refírome ao dono do can que non o alimentaba porque era pouco o que facía, e non o mataba porque era pouco o que comía. Se o cetro cumpre algunha función non abonda co sangue nin co berce. Precísase tamén cerebro. Non llo quero negar á dinastía reinante, pero o único que até agora lle vimos foron uniformes e medallas. Se non a cumpre, o mellor é unxilo cos santos óleos, porque este can si que come. Para adorno abonda co cadro que a miña nai penduraba da parede do sobrado. Barbudos uns, lampiños outros, o que máis lucía era a faixa que a todos lles cruzaba polo peito. E o marco orlado con cunchas de marisco. Mellor ca nos seus palacios estaban aqueles monarcas nun labor de artesanía. Sinto que desaparecese. Quizais fose por medo á incultura das depuracións franquistas, que podían atentar contra a figura de Simeón de Bulgaria pensando que era o retrato de Carlos Marx. Non é broma. Cando as hordas do exército fascista entraron en Barcelona dispararon contra todos os reloxos coas horas marcadas en numeración romana. Pensaban que os separatistas as escribían en alfabeto catalán. ¡*Muera la inteligencia!*, berraba Millán Astray.

Non vale escudarse no exemplo doutros países europeos que teñen sona de civilizados, desde Suecia a Holanda, para restaurar aquí unha institución que anteriormente fora derrubada. Son monárquicos por inercia, igual que os que deixan a barba para non ter que afeitala. Pero España –e conste que dentro dela non inclúo Galiza, como tampouco Portugal– xa lle cortara o bigote á monarquía en dúas ocasións. E sempre foi a espada militar a que lle devolveu o trono. Primeiramente a de Pavía, despois a do xeneral Franco. Comprenderedes agora a causa de que Filipe tome posesión vestido de uniforme militar. Deixémonos de fantasías. A coroa española leva polo menos dous séculos refuxiada nos cuarteis. As súas raíces castrenses non se poden ocultar nunha Constitución que pasou pola sala de mandos e recibiu o *nihil obstat* dos xenerais antes de ser ofrecida en referendo ao pobo español.

Termino. O tema dá para moitas páxinas e para plumas máis cultivadas. Pero como nacionalista galego teño que declarar que para min o problema non está entre as dúas formas de Estado na que se debate España: monárquico ou republicano. Galiza seguirá submetida mentres careza de Estado propio. Foi así co goberno constitucional de Amadeo de Saboya, e co republicano de Estanislao Figueras. Se unha vez independente escolle ser monarquía –que Deus non o queira– a coroa buscarémola entre as fouces labregas, as redes mariñeiras ou os martelos obreiros. É a sorte que temos os que carecemos de berces e non temos sangue de orchata.

Loucía, 10 de xuño de 2014.
Bautista Álvarez

Sumario

- 10** Presentación
- 12** **Bautista Álvarez**
Os nosos argumentos
- 46** **Lois Diéguez Vázquez**
Que é un pobo?
- 48** **Xoán Carlos Garrido Couceiro**
Que é unha nación?
- 52** **Ana Pontón Mondelo**
Que é un Estado?
- 56** **Francisco Rodríguez Sánchez**
É Galiza unha nación?
- 68** **Néstor Rego Candamil**
Que é a autodeterminación?
- 70** **Néstor Rego Candamil**
Que son a soberanía e a independencia nacional?
- 74** **Alfredo Suárez Canal**
Que é o nacionalismo?
- 78** **Elsa Quintas Alborés**
Que di o dereito internacional ante o exercicio do dereito de autodeterminación?
- 82** **Duarte Correa Piñeiro**
Que nacións se dotaron de estado propio nos últimos anos? Como?
- 86** **Manuel Anxo Fernández Baz**
Cal é a diferenza entre un estado federal e un estado confederal?
- 90** **Xabier Pérez Igrexas**
Nun proceso soberanista, en que consiste o principio de autoorganización?
- 94** **Roberto Vilameá Ponte**
A elaboración da Constitución española foi un proceso democrático? Que significou para Galiza a aparición dos Estatutos de Autonomía na mesma?
- 98** **Rosana Pérez Fernández**
Fracasou o Estado das autonomías? É corrixíbel mediante unha modificación da Constitución española? Que supuxo o Estatuto de Autonomía para Galiza?
- 100** **Francisco García Suárez**
Por que non ten encaixe Galiza nun Estado federal?
- 102** **Uxío-Breogán Diéguez Cequiel**
Cal foi a posición histórica e actual das forzas políticas españolas a respecto do recoñecemento do carácter plurinacional do estado?
- 108** **Xosé Díaz Díaz**
Cal é a actual balanza fiscal entre Galiza e España? As balanzas fiscais españolistas?
- 120** **Rubén Cela Díaz**
Que tipo de repercusións tivo para a economía galega a entrada en 1986 do Estado español na Comunidade Económica Europea?
- 124** **Manuel Caride Correa**
Que significa formar parte dun bloco militarista como a OTAN? E desde unha perspectiva de defensa do dereito de autodeterminación?
- 128** **Aleixo Vilas Castro**
Como se insire Galiza no comercio internacional e cales son os fluxos comerciais do noso país co resto do mundo?
- 132** **María do Carme García Negro**
Qué está a impedir o desenvolvemento económico de Galiza tendo como ten unha base sólida o seu sector primario, man de obra cualificada e unha base industrial pequena pero con coñecemento suficiente das regras do mercado?
- 136** **Manuel Mera Sánchez**
Como condiciona a falta de soberanía a nosa demografía, natalidade ou emigración?
- 140** **Bernardo Valdês Paços**
Por que o PIB galego continua por baixo da media do Estado e da UE pese a –segundo nos din– recibimos fondos europeos desde hai 25 anos para corrixir este desequilibrio?
- 144** **Fernando Branco Parga**
Por que Galiza exporta enerxía barata desde hai ducias de anos, estragando o ambiente, sen ter a cambio posibilidades de establecer un prezo da enerxía diferenciado que nos beneficie?
- 148** **Carlos Callón Torres**
Por que estamos a perder oportunidades de desenvolvemento social, económico e cultural co mundo da lusofonía, podendo ter relacións preferenciais, a comezar, con Portugal e Brasil?

- 150 Tareixa Paz Franco**
Por que nunca se aproveitou –como irlandeses e británicos– a enorme potencialidade da emigración galega (e das persoas descendentes) en América?
- 154 David Pena Díaz**
No marco actual constitucional, sería legal (e vinculante) realizar unha consulta ao pobo galego sobre o seu futuro? Podería España impedir a celebración dunha consulta destas características?
- 158 Nemésio Barxa Álvarez**
Sería democrática unha consulta unilateral?
- 162 Xavier Vence Deza**
É economicamente viábel unha Galiza soberana?
- 166 Henrique Biéitez Alonso**
É posíbel un sistema público galego de pensións?
- 170 Xesús Pereira López**
Que pasaría coa débeda pública española? Como se podería realizar a repartición dos activos e dos pasivos entre Galiza e España?
- 174 Xesús Seixo Fernández**
Que vantaxes tería contar cun Estado propio desde unha perspectiva das relacións laborais?
- 176 Manuel Rei Romeu**
O modelo de democracia que precisamos. Monarquía española, república española ou república galega?
- 182 Xoán Costa Casas**
Cal sería a relación con Portugal?
- 186 Anabel Gulías Torreiro**
Que novas relacións se establecerían entre España, Cataluña e Euskadi nunha Galiza soberana?
- 190 Alberte Mera García**
Poderá Galiza competir nuns xogos olímpicos ou en campionatos internacionais en calquera disciplina deportiva? Deixarán de xogar as equipas galegas nas ligas españolas?
- 192 Silvia Seixas Naia**
Que implicaría a soberanía na xestión das nosas grandes infraestruturas de transportes e comunicación?
- 196 Bieito Lobeira Domínguez**
Que acontecería co exército nunha república galega?
- 200 Emilio López Pérez**
É Galiza unha colonia?
- 204 Francisco Xesús Jorquera Caselas**
Que vantaxes tería a soberanía desde unha perspectiva fiscal? Cal podería ser o modelo tributario do Estado galego?
- 208 Manuel Da Cal Vázquez**
Como afecta ao sector agrogandeiro galego a dependencia nacional?
- 212 Daniel Rodas Chapela**
Que impacto tería a soberanía no noso sector pesqueiro e na industria de transformación?
- 216 Alberte Souto Souto**
Que posibilidades ofrecería a consecución dun Estado propio á hora da organización territorial das súas institucións?
- 220 Clodomiro Monteiro Martínez**
Hai banca pública en Europa? Sería conveniente para un Estado galego?
- 224 Xavier Campos López**
Como afectaría a soberanía no ámbito cultural?
- 228 César Mosqueira Lourenzo**
Por que a capacidade de decisión é fundamental na ordenación do territorio?
- 232 Anxo Louzao Rodríguez**
Que vantaxes tería para o ensino galego contar con estruturas de Estado?
- 236 María Pilar García Negro**
Que implicaría o exercicio da soberanía para a lingua galega?
- 240 Margarida Corral Sánchez**
Cales serían as vantaxes da soberanía no campo da igualdade e servizos sociais e sanitarios?
- 244 Xosé Salvadores Covas**
Por que unha nova Ecogaliza só é posíbel con soberanía?
- 248 Montse Prado Cores**
Sería posíbel a separación igrexa-estado nunha Galiza soberana?

**50 preguntas,
50 argumentos
para a soberanía
de Galiza**

Presentación

A Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, naceu en 2004 co gallo do 40 aniversario da fundación da Unión do Povo Galego (UPG). Unha das múltiples actividades desenvolvidas pola mesma desde o seu nacemento foi a edición da cabeceira histórica *Terra e Tempo*, tanto no seu formato dixital como en papel.

Hoxe, dez anos despois e cumprido medio século de vida da UPG, dá comezo unha nova etapa de *Terra e Tempo*, que pretende abordar con maior profundidade, e de xeito monográfico, aspectos fundamentais da realidade social, política e económica do noso país.

O volume que tes nas túas mans, *50 preguntas, 50 argumentos para a soberanía de Galiza*, nace como resposta a unha necesidade: dotármonos colectivamente de máis e mellores argumentos. Ter razón é condición necesaria, mais non suficiente. Hai que ter argumentos, vontade de explicalos e defendelos e capacidade de adaptalos ao interlocutor e ao contexto. Pouco aguantan as consignas se non están apoiadas en razoamentos consistentes, máxime nun contexto

tan intencionadamente confuso e de profunda demonización e caricaturización do nacionalismo como é o actual.

Non se pode amar o que non se coñece. Non se pode defender con convicción o que non se entende ou non se comparte. De aí a importancia de coñecer mellor –en todos os sentidos– o noso país e comprender mellor os piares teóricos sobre os que se construíu a ideoloxía nacionalista e a súa concreción práctica na Galiza. O dereito de autodeterminación pódese converter en recurso retórico a invocar nas *festas de gardar* se non somos capaces de entendelo na súa ampla dimensión, se non somos capaces de explicalo e defendelo desacomplexadamente, con claridade e convicción.

Esta é unha obra coral, na cal participan cincuenta persoas de ámbitos, xeracións e formación diversas. E é unha obra intencionadamente inacabada. Non é ningunha caste de catecismo laico. Non están todas as preguntas, nin estas son as únicas respostas posíbeis. Se as respostas serven para aclarar

algunha dúbida; ben. Se suscitan novas preguntas e maior curiosidade ao lector ou leitora, ou incluso discrepancia e debate; mellor. Unha segunda parte deste proxecto, que se concretará nun portal web, valerá para ampliar e mellorar os contidos actuais e permitir unha maior interacción e debate.

O momento de saír á luz tampouco é casual. Algo se move en Europa. Ás portas dun referendo histórico en Escocia, con importantes avances cara á reunificación de Irlanda ou a independencia de Flandres e cun cuestionamento, cada vez maior, do actual proxecto de Unión Europea. E algo tamén se move no Estado español, inmerso nunha profunda crise económica, mais tamén de lexitimidade e esgotamento do seu modelo territorial. A consulta xa convocada en Catalunya, a inminente nova estratexia do conxunto do nacionalismo vasco na defensa do dereito a autodeterminación en Euskal Herria ou o cambio de Borbón, son claros indicios de que algo vai mudar na configuración territorial e política do Estado español. As preguntas son:

O que? Para que? Como? e, sobre todo: Que papel vai desempeñar Galiza nese proceso?

A intención do españolismo (en todas as súas variantes) será clara: mudar o que houber que mudar para garantir que non cambie nada (do substancial). É imprescindible que Galiza estea presente nese debate e a única garantía é que exista un nacionalismo galego sólido: na súa vertebración orgánica, na súa penetración e incidencia social, na súa representatividade institucional, mais tamén sólido nos seus fundamentos teóricos e nos seus obxectivos tácticos e estratéxicos. O nacionalismo nunca o tivo doado, mais o que está claro é que ningún vento é favorábel cando non hai un rumbo certo. O norte do noso compás é inequívoco. Este traballo tan só pretende dar máis argumentos para percorrer ese camiño.

Rubén Cela Díaz

Coordenador deste monográfico e membro do Padroado da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas